



PISCINA RÍAS DO SUR

Pola presente achegámosvos a proposta para a actividade extraescolar de natación a desenvolverse na Piscina das instalacións do **COMPLEXO DEPORTIVO RÍAS DO SUR** dende **outubro de 2021 a xuño de 2022**.

Esta actividade NON segue o calendario escolar, é dicir, hai actividade extraescolar de piscina sempre aínda que os nenos estean de vacacións, salvo días festivos e días indicados polo centro reservados a competicións federadas.

HORARIO CONCERTADO:

MÉRCORES: De 17:30 a 18:15 horas

NÚM. DE PRAZAS CONCERTADAS:

Para nenos/as de 4 a 6 anos: 4 prazas.

Para nenos/as de 7 a 9 anos: 5 prazas.

ACLARACIÓNS:

- No caso de que haxa máis solicitudes de inscrición que prazas ofertadas, terán preferencia de acceso ás prazas concertadas as familias socias por orde de solicitude de inscrición e logo as familias non socias tamén por orde de inscrición.
- As familias que solicitasen a inscrición pero quedasen fóra ofertaráselles as prazas vacantes que queden noutros grupos de ANPAS a partir do día 15 de setembro, seguindo o mesmo sistema de preferencia.
- As familias que non lles encaixe o horario concertado poderán propor na súa solicitude de inscrición o día ou días que mellor se lles axusta e o horario para telo en conta á hora de ofertarlles as vacantes doutras ANPAS a partir do día 15 de setembro, seguindo o mesmo sistema de preferencia.

PREZOS 1º TRIMESTRE/NENO:

- **NON SOCIOS:** 34,50 €.
- **SOCIOS:** 31,50 €.

PRAZO PARA SOLICITUDES: Ata o 13 de SETEMBRO de 2021 (solicítase á ANPA, NON ao centro deportivo).

- Escribir un email a anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org solicitando a inscrición cos seguintes datos do/a neno/a:
 - Nome e apelidos.
 - Data de nacemento.
 - NIF, se o ten expedido.
 - Horario: aquí deberá especificar se quere o horario concertado ou lle ven mellor outro (especificar, no caso doutro, o día/s e os tramos horarios que se lle axustan).

PASOS PARA A FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN: a inscrición realizarase a través da ANPA (NON no centro deportivo):

- 1.º **PAGAMENTO:** No prazo de tres días hábiles dende a confirmación da inscrición mediante transferencia no número de conta da ANPA: **A BANCA ES27 2080 0500 5930 4046 6764**.
- 2.º **FORMULARIO DE INSCRICIÓN:** Entrega física deste formulario, cuberto e asinado, no prazo de tres días hábiles dende a confirmación da inscrición. Poderá entregarse na escola, no local da ANPA ou na caixa de correos (o impreso facilitarase pola ANPA mediante email ou entrega en man ao neno/a).

NORMATIVA:

- Idade mínima dos rapaces: han de estar matriculados no vixente ano, como mínimo, en 2º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (5º de infantil: 4 anos).
- O primeiro día de actividade e antes do inicio desta, deberá pasar o responsable do/a neno/a pola recepción do centro deportivo para o acceso.
- É obrigatorio traer un gorro, traxe de baño, gafas e chanclas.
- O resto de normas facilitaranse as familias na recepción das instalacións do centro deportivo.

A Xunta Directiva da ANPA Xeve.